



concello de
agolada

Tel:986 788 062/063

Fax: 986 788 190

golada.es
golada.es

SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION CELEBRADA O DIA VINTETRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL QUINCE

Na Casa Consistorial do Concello de Agolada, sendo as doce horas do día vintetres de febreiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr.Alcalde Presidente D.Ramiro Varela Peón , coa asistencia dos concelleiros:D.Hector Miguel Martinez Sanz, D.Alberto Vilariño Coego, doña Yolanda María Varela García Mourelle,D.Juan Manuel Ramos Bujan,D.Carlos Fernandez Mendez, D.José Rivas Vazquez, D.Juan Carlos Sanchez Fuciños,D.Berardo Conde Balado e D.Manuel Ferro Prieto asistidos do Secretario da Corporación, D.Antonio Candal Caridad, celébrase a sesión ordinaria convocada o día de hoxe, pasandose seguidamente o estudio e deliberación dos asuntos incluídos na Orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- ACTA ANTERIOR.-A Corporación en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar o borrador da acta da sesión de data vintenoventa de decembro de dous mil catorce.

2º.-DECRETOS DE ALCALDIA.-Dase conta dos seguintes:

a)Resolución da Alcaldía de data nove de febreiro de dous mil quince, pola que se resolve:

1)Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2014.

2)Dar conta o Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, de acordo con canto establecen los artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo , e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

3)Ordear a remisión da copia de dita liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, e elo antes de concluir o mes de marzo do exercicio seguinte o que corresponda.

A Corporación se da por enterada.

3º.-PROPOSTA DA ALCALDIA RELATIVA AO DIA DAS LETRAS GALEGAS.-Dase conta da Proposta da Alcaldía que literalmente dí:

"Visto o Acordo adoptado polo Pleno da Corporación de Lalín o pasado día 29 de decembro de 2.014 en relación ao día das Letras Galegas.

Visto a traxectoria da persoa proposta D.Manuel Daniel Varela Buxán, o cal contribuíu a dar a coñecer Lalín, a comarda do Deza e Galicia, a través das distintas manifestacións literarias e dos cometidos que desempeñou o longo da súa vida.

Aslmesmo como precursor do teatro galego na emigración e logo, de volta a súa terra Galicia como impulsor de diversas iniciativas de ámbito cultural.

A tal fin propoñe o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
http://www.agolada.es

Adhesión o acordo adoptado polo Concello de Lalín en relación a proposta da Alcaldía relativa ao día das Letras Galegas.

A Corporación en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar dita Proposta.

4º.-GRUPOS MUNICIPAIS.ROGOS E PREGUNTAS.- Don José Rivas Vázquez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no concello de Agolada, comparece e como mellor en Dereito proceda DI: Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais veño a plantexar aos órganos de goberno as seguintes:

PREGUNTAS:

1) Polígono, enésima petición de explicacións: Situación legal das parcelas, peticións formales de reserva.

Polo Sr. Alcalde se resposta que está pendiente no Rexistro da Propiedade.

2) Auga Esperante-Vilariño. Obra finalizada, veciños conectados, xustificación da obra. Polo Sr. Alcalde se manifesta que no primeiro estudio se puxera tubería de 42, e que hai que enganchar a un veciño.

Polo Sr. Rivas se dí que nun principio había 6000 euros en materiais e 12000 euros en man de obra, e despois se pasou a 12000 euros de materiais e 6 000 euros de man de obra.

Se incorpora o concelleiro Sr. Martínez Sanz

3) Inversión pública aproximada, excepto adquisición obxectivo final.

Polo Sr. Alcalde se resposta que por Patrimonio foron 500.000,00 euros, e Deputación as cantidades de 500.000, 400.000 e 200.000 euros.

E que despois se cederá o concello cando termine a Deputación.

4) Plan de axuste novo foi aprobado, condicións do mesmo. Polo Sr. Alcalde se manifesta que no mes de marzo se sabrá.

5) Subvencións das asociacións están todas xustificadas. Polo Sr. Alcalde se dí que faltan dúas asociacións.

6) Cumprimento das mocións aprobadas.

7) Vivendas en situación de ruína, feísmo actuacións previstas. Polo Sr. Alcalde se resposta que o 90% das aldeas teñen casas restauradas.

8) Devolución do céntimo sanitario. Custa máis xestionar o seu cobro.

9) Vivendas do colexio, levouse a cabo algunha xestión.

10) Previsión de entrega dos títulos de propiedade concentración parcelaria Ferreiroa. Polo Sr. Alcalde se resposta que entre o 15 e 20 de marzo de 2.015 se entregarán.

Polo Sr. Ferro Prieto se formulan as seguintes preguntas:

a) Estado de trámite dos procesos de concentración parcelaria abertos en Agolada. Polo Sr. Alcalde se resposta que hai pendentes de decreto catro parroquias, e que a de San Paio está decretada e paralizada polos veciños.

b) Polígono industrial Agolada. Situación da aprobación definitiva do parcelario. O PXOM (situación actual). Xa contestada.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>

c) Actuación de obra pública programada a executar de xeito inmediato. Polo Sr. Alcalde se resposta que está programado o Plan Marco por un importe aproximado de 131.000 euros, e comprende varios trozos de camiños, é o POS 2015 da Deputación de Pontevedra.

d) Programación cultural anual para a dinamización dos Pendellos. Polo Sr. Ferro se manifesta que debería haber unha dinámica de programación cultural máis continuada. Polo Sr. Alcalde se resposta que hai tres meses para executar a obra e despois mirar unha programación.

e) Posibilidades de obradoiro de emprego para Agolada. Exm(Lalín)(260.000 euros Xunta, 71000 Concello) Aparcamento Liñares. Polo Sr. Alcalde se resposta que os obradoiros están todos adxudicados e que hai poucos.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde Presidente dou por finalizada a sesión sendo as trece horas do mesmo día, do que eu, Secretario certifico.

